

## **ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE GALEGOS (LALÍN - PONTEVEDRA)**

En Lalín (Pontevedra), o 15 de abril de 2024, reúnen-se:

María José Pérez Gil, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra,

Manuel Almansa Hermida, enxeñeiro técnico agrícola, xefe de sección de estruturas agrarias e obras do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, director dos traballos do "Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización do levantamento topográfico e a obtención dos planos parcelarios, a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de Galegos (Lalín, Pontevedra), ST-5880", e

Juan Manuel Castro Cano, en representación de SIAL Ingeniería, S.L., encargada da execución do contrato,

E expoñen o seguinte:

En virtude do Decreto 195/2022 foi declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Galegos (Lalín-Pontevedra).

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a partir da data deste documento inicianse os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona de Galegos (Lalín-Pontevedra).

E para que conste, esténdese a presente acta que asinan en proba de conformidade os asistentes ao acto no lugar e data indicados.

O director dos traballos, Manuel Almansa Hermida

A empresa adxudicataria, Juan Manuel Castro Cano

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, María José Pérez Gil

Sinatura dixital

**XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
**SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS**  
Avda. María Victoria Moreno, 43, 2º  
36071 Pontevedra  
Tel. 986 805 427

